

Programación Culturalgal 2019

Venres 29 novembro

10:00 SALÓN DE ACTOS

Xornadas Profesionais Escena Galega. Teatros nacionais, centros dramáticos e unidades de produción públicas: distintos modelos de xestión. Até as 15:00. Entrada libre, sen inscrición previa. De 10.00 a 10.30.

Benvinda aos / ás profesionais asistentes. De 10.30 a 10.45. Inauguración das xornadas. Jacobo Sutil (director da AGADIC), Víctor López (presidente da Asociación CULTURGAL) e Belén Pichel (presidenta de ESCENA GALEGA). De 11.30 a 12.15. Un modelo desaparecido: O Centro Andaluz de Teatro. Modelo de xestión, consecuencias para o sector e retos para o futuro. Intervén: Pedro Álvarez-Ossorio, director de La Fundación de Sevilla e ex-director da Unidade de Produción do CAT (Centro Andaluz de Teatro) Modera: Anxo Manoel, tesoureiro de Escena Galega. De 12.15 a 12.45. Pausa Café. De 12.45 a 13.30. O Teatro Arriaga de Bilbao: un modelo de unidade produción pública de artes escénicas a nivel local. Intervén: Andoni Olivares, director de programación do Teatro Arriaga Antzokia de Bilbao. Modera: Belén Pichel, presidenta de Escena Galega. De 13.30 a 14.00. Conclusións e peche da xornada. De 14.00 a 15.00 Xantar compartido para relatores/as e compañías asociadas a Escena Galega no restaurante do Pazo da Cultura.

11:00 ESPAZO INFANTIL

Ciencia á Feira. O CSIC Galicia trae a Culturalgal a VI Campaña de recollida de dentes do Ratiño Pérez do Grupo de Antropología Dental del Centro Nacional de Investigación sobre la Evolución Humana (CENIEH, Burgos). Esta recollida forma parte dun proxecto de investigación para estudar a variabilidade dental da poboación, características, morfoloxía, etc. Familias, estades chamadas a entregar pezas dentais na Feira! Cos obradoiros "Dentes saudables", en colaboración co 2º curso

do Ciclo Superior de Hixiene Bucodental do IES Manuel Antonio (Vigo), e "Dentes e mandíbulas de animais mariños".

11:30 ESPAZO FORO

Os Piñeiríños. Contacontos con música e bonecos corpóreos para público infantil, entre 3 e 7 anos. Historias de mulleres destacadas na nosa sociedade (Concepción Arenal, Ángeles Alvariño, M.ª Victoria Moreno, etc.) para fomentar valores de igualdade e non discriminación por razón de xénero. Actividade concertada con centros escolares. Xunta de Galicia.

11:30 AULAS

Charla formativa sobre financiamento de coproducións internacionais de cine. Xunta de Galicia. Estudo do caso práctico de financiamento do filme *O que arde*, coprodución internacional entre España, Francia e Luxemburgo co soporte de diversas entidades clave no financiamento do cinema europeo impulsado desde Galicia, como a Xunta de Galicia, CRTVG, ICAA, EURIMAGES, CNC, Film Fund e outros. Imparte: Xavi Font, produtor de *O que arde* e compositor Presentan: Jacobo Sutil, director da Agadic, Jorge Soto, vicerreitor do Campus de Pontevedra (UVigo), e Xavi Font.

12:00 ESPAZO FORO

Encontro con Leticia Costas con escolares arredor do libro "Conexión Macarrón". Xerais. Actividade concertada con centros escolares.

12:00 ESPAZO LIBRO

Acto inaugural da 12ª Culturalgal.

13:30 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Performance: A última cea, de Uxía Morán, programa de igualdade "Mulleres en acción. Violencia zero". Deputación de Pontevedra.

13:30 AULAS

Rede Galega de Salas. Presentación. Xunta de Galicia. Sala Ártika (Vigo), Sala Gurugú (A Coruña), Sala Ingrávida (O Porriño), Teatro del Andamio (A Coruña) e Teatro Ensalle (Vigo). Son os cinco espazos escénicos de titularidade privada que conforman a Rede Galega de Salas, un circuito especial de distribución de espectáculos que promove a Xunta de Galicia a través da Agadic e desde o que se está a realizar un interesante e continuado labor de difusión cultural cara ao público. Con Jacobo Sutil, director da Agadic, Fernanda Barrio (Sala Ártika), Carlos Clemente (Sala Gurugú), Pedro Fresneda (Teatro Ensalle), Álex Sobrino (Sala Ingrávida) e Gema Ulloa (Teatro del Andamio). Presentan: Jacobo Sutil, director da Agadic, Fernanda Barrio (Sala Ártika), Carlos Clemente (Sala Gurugú), Pedro Fresneda (Teatro Ensalle), Álex Sobrino (Sala Ingrávida) e Gema Ulloa (Teatro del Andamio).

16:30 ESPAZO FORO

“Abre os ollos: cultura accesible non é un título de ciencia ficción”. Unha sesión práctica en colaboración co Centro de Recursos Educativos da ONCE Pontevedra. Previa inscrición. Aforo limitado.

16:30 SALÓN DE ACTOS

Presentación da liña de subvencións a creación escénica 2020. Xunta de Galicia. Con Jacobo Sutil, responsable da AGADIC, e Belén Pichel, presidenta de Escena Galega.

17:00 AULAS

Asemblea Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM)

17:00 STAND CRTVG

Diario Cultural. Radio Galega ao vivo. CRTVG

17:30 SALÓN DE ACTOS

I Xornada do Videoxogo. Xunta de Galicia. Xornada de posta en común de experiencias e coñecemento relacionados coas últimas tendencias do sector desde unha perspectiva profesional e técnica. Profesionais das diferentes áreas de traballo desta industria comparten cos asistentes experiencias e coñecemento de utilidade sobre

diferentes aspectos técnicos, empresariais e legais do desenvolvemento dos videoxogos. Presentan: Jacobo Sutil, director da Agadic, e Fernando Javier Prieto Prado, presidente de Videoxogo.gal 17.40 h: mesa redonda «O videoxogo ás portas de 2020», coa participación de Miguel Areán, representante de Gato Salvaje Estudio, Antonio Seoane, coordinador do máster de Deseño, desenvolvemento e comercialización de videoxogos da Universidade da Coruña, e a xornalista Rebeca Escribano. 18.45 h: Presentación de proxectos singulares no escenario do videoxogo galego: Sea Bubble, Microbian, Asociación Molab, Revista Morcego/Podcast e MUVI.

17:30 AULAS

Asemblea Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC).

18:00 ESPAZO FORO

“O teu Xacobeo”: presentación da segunda convocatoria e escolma de proxectos seleccionados na primeira. Xacobeo 2021. A través deste proxecto, preténdese que todos os galegos poidan definir conxuntamente o contido do vindeiro Ano Santo desde unha perspectiva multidisciplinaria, plural e diversa. Xunta de Galicia. Con Cecilia Pereira Marimón, comisaria do Xacobeo 2021.

18:00 AULAS

Micropuntazo Exprés. Nova Xestión Cultural. Unha iniciativa impulsada dende a concellería de Promoción Económica e Turismo do Concello de Pontevedra e que continúa co labor de **dinamización e apoio aos novos emprendementos** que vén realizando o Pont-Up Store, promovido polo Campus CREA S2i da Universidade de Vigo, desta volta poñendo o foco nun sector económico concreto, o cultural e creativo. Escoitan aos emprendedores Julio Gómez, de Sinsalaudio, María Teresa Cores, de Afundación e Ana Oliveira Branco, presidenta da Unión de Cooperativas Espazocoop. Con Nova Xestión Cultural. No seminario 3. Duración: 90 minutos.

18:00 AULAS

Marketing para artistas. Xeitosa Producións.

Unha sesión formativa dirixida a artistas con interese en achegarse ás ferramentas, especialmente no ámbito dixital, para a xestión das súas carreiras. Con Nathy Farias e Patricia González. Duración: 60 minutos aprox.

18:15 ESPAZO LIBRO

«Mapa ecosocial de Galicia» un retrato social e ecolóxico de Galicia. Catro Ventos Editora. Coa xornalista Rebeca Hermo e o biólogo Xosé Veiras, autores do libro, e Miguel Braña, editor.

18:30 CARPA

Canto D'aquí. Rede da GaliLusofonía. Grupo de música popular portuguesa.

18:45 ESPAZO FORO

Festivais que fan camiño: balance FEST Galicia 2019 e perspectivas 2020. Xunta de Galicia. A marca para apoiar os festivais de música cumpriu o seu segundo ano de funcionamento aumentando asociados e avanzando en obxectivos medioambientais e sociais. Con Jacobo Sutil, director da Agadic, e Francisco Javier Núñez Alonso, coautor dos estudos de impacto para a marca.

18:45 ESPAZO LIBRO

Presentación da colección «Avis rara» por Marcus Daniel Cabada (editor da colección). Urutau.

19:00 ENTRADA FEIRA

Gente viajera de Galicia. Onda Cero. Ao vivo con Susana Pedreira.

19:00 ESPAZO FORO

Presentación do grao de Xestión Cultural da Universidade de Santiago de Compostela. Campus Lugo. AGPXC (Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural). Presenta: Gonzalo Francisco Fernández Suárez, decano Facultade de Humanidades - USC Campus Lugo, e Pilar Portela, presidenta da AGPXC).

19:00 ESPAZO INFANTIL

Un mar de burbullas. Barafunda. Un espectáculo de burbullas con temática mariña: as

protagonistas son as burbullas de xabón que, da man de dúas persoaxes, toman diferentes formas para xogar coas emocións.

19:00 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Presentación do proxecto memorial e arquivístico "Unha Gran Burla Negra". Reflexión sobre a catástrofe do Prestige e das mobilizacións populares que se derivaron a partir do inventario, estudo e exposición do seu arquivo cultural. Con Jorge Linheira, coordinador xeral, Sara Pérez, responsable da parte audiovisual e Daniel López Abel, comisario.

19:15 ESPAZO LIBRO

Conversa de Kiko Da Silva, autor de Aprende banda deseñada con Fiz, con Fran Alonso sobre "A importancia da banda deseñada na lectura infantil". Xerais.

19:30 ESPAZO FORO

Presentación Asociación de Empresas Tecnolóxicas e Servizos Audiovisuais de Galicia (AGATEC). Con Paco de Pin e Daniel Aragunde.

19:30 CARPA

Bouba Pandereteiras. O seu berro de guerra: Festa, a nosa! Con María Iglesias, Olga Romasanta, Macarena Rodríguez e Carme Iglesias, voces e percusión.

19:45 ESPAZO FORO

De verdade coñeces a música que se fai en Galicia? A nova Galician Tunes. Xunta de Galicia. Desde a plataforma web GalicianTunes e as súas RRSS asociadas, a Xunta de Galicia contribúe ao rexistro e difusión de toda a música galega actual e dos seus protagonistas. Despois de seis anos desde a súa última remodelación, galiciantunes.com emprende agora unha nova etapa Con Jacobo Sutil, director da Agadic, e Vanesa Chousa e Javier Rosales, de Trisquelia Comunicación.

19:45 ESPAZO LIBRO

Presentación/debate dos dous últimos títulos da colección Feminismos. Galaxia.

Papá, por que non pintas as unllas de cores? Educando (construíndo) masculinidades disidentes de Jorge García Marín e *Mulleres que (nos) dan que pensar* de África López Souto. Presentado por Francisco Castro, director xeral de Editorial Galaxia.

20:00 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Performance con Fran Remiseiro e o músico Germán Díaz. Audiovisual e escultura.

20:15 ESPAZO FORO

Presentación Asociación de Profesionais Técnicos ao Vivo (APTAV). Con Xosé Ortigueira Búa.

20:15 ESPAZO LIBRO

"Se quen traduce falase...". Conversa sobre tradución literaria. Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI). Como xorden os proxectos? Que relacións se establecen con editoras e correctoras? Que hai detrás da escolla dun termo ou dunha fala? Xonversa co tradutor Carlos Valdés, coas tradutoras María Alonso Seisdedos, María Reimóndez e Patricia Buxán como moderadora. Ademais, entrega do Premio Xela Arias á Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

20:30 ESPAZO FORO

Mundo Escénico. Presentación da comunidade on-line aberta das artes escénicas en Galicia, e os novos servizos dixitais que ofrece orientados a artistas/profesionais das artes escénicas e a xestores culturais. Con Daniel Amós Rodríguez, fundador.

20:30 CARPA

Nastasia Zürcher. Tranosound.

20:30 ESPAZO INFANTIL

Contacontos: "O neno peixe". Triqueta Verde. Con David Lorenzo, autor e ilustrador.

Sábado 30 novembro

11:00 ESPAZO FORO

Club de Lectura Dixital. Presentación da EbiblioDaCoruna Club. Deputación da Coruña.

11:00 ESPAZO LIBRO

Contos desde o Muíño da Freixa. Barafunda. Presentación do libro de contos breves relativos a unha época de miseria onde os camiños eran cachafundos lameiros, onde os longos invernos vestían o ceo de negro e a terra era unha braña dunha cor verde intensa pero, con todo iso, a vida era vida na miña aldea.

11:00 ESPAZO INFANTIL

Ciencia á Feira. CSIC Galicia e DivulgAcción. Como o pasamos cos sábados científicos! O CSIC Galicia trae a Cultural pola mañá e pola tarde a VI Campaña de recollida de dentes do Ratiño Pérez do *Grupo de Antropología Dental del Centro Nacional de Investigación sobre la Evolución Humana* (CENIEH, Burgos). Esta recollida forma parte dun proxecto de investigación para estudar a variabilidade dental da poboación, características, morfoloxía, etc. Familias, estades chamadas a entregar pezas dentais na Feira! Cos obradoiros "Dentes saudables", en colaboración co 2º curso do Ciclo Superior de Hixiene Bucodental do IES Manuel Antonio (Vigo), e "Dentes e mandíbulas de animais mariños". DivulgAcción estará presente no CULTURGAL con actividades de ciencia para todas as idades: obradoiros de bioloxía, charlas, experimentos sobre ciencia cotiá, exposicións e moito mais no espazo de Ciencia á Feira.

11:30 ESPAZO FORO

Galipedia: obradoiro de iniciación á edición da Galipedia e presentación da A3GAL. Asociación de Amigas e Amigos da Galipedia e do Coñecemento Libre. Con Elisardo Juncal Muñiz e Vítor Fresco Barbeito.

11:30 ESPAZO LIBRO

Scórpio. AGAL. Presentación da lectura continuada e colectiva do libro *Scórpio*, de Ricardo Carvalho Calero, que terá lugar en Compostela ao redor do 17 de maio de 2020.

11:30 CARPA

Fran Amil presenta POPSÍA. Novo disco que verá a luz en 2020 cunha escolma de poetas galegos e galegas dende o medievo até os nosos días, en clave de música pop, swing e folk. Con

Antón Torroncho, baixista, Miguel Paz, batería e coros, Carlos Fandiño, piano, e Fran Amil, guitarra acústica e voz.

11:30 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Obradoiro de arquitectura "Cidade contemporánea" co CGAC. Xunta de Galicia. De 6 a 11 anos. Prazas: 15. Inscripción na entrada da Feira. Construímos unha cidade do noso tempo, decidindo qué edificios queremos incluír na comunidade, o tipo de transporte para minimizar emisións contaminantes, a demarcación de zonas verdes, a zona de tratamento de residuos... Tentaremos achegarnos ao concepto de bioarquitectura e traballaremos co os Sistema Lupo e material reciclado para crear unha cidade contemporánea fantástica.

12:00 ESPAZO LIBRO

Herba de namorar de María do Cebreiro. GALAXIA. Presentación do último poemario de María do Cebreiro, acompañada polo xornalista e tamén poeta Daniel Salgado.

12:00 SALÓN DE ACTOS

'Camiño de Inverno' de Jaime Pardo Valdés (2019). Xunta de Galicia. As paisaxes, a historia, o patrimonio cultural, a gastronomía, as súas xentes e forma de vida, neste documento ao redor do Camiño de Inverno. Presenta: Isaías Calvo de la Uz, director de Administración e Relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo. Duración: 52 minutos.

12:00 AULAS

Asemblea AGAL.

12:15 ESPAZO FORO

Paisaxe cultural da Ribeira Sacra: presentación e proxección do vídeo da candidatura á Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO. Xunta de Galicia. Con M.^a Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural, Mario Crecente Maseda, coordinador da candidatura da Ribeira Sacra, e Ana Goy Diz, directora científica da mesma.

12:30 ESPAZO FORO

Presentación do catálogo de compañías asociadas

2020-2021. Escena Galega. Unha ferramenta básica para a promoción e visibilización das artes escénicas profesionais galegas, asociadas no colectivo referente de sector en Galicia.

12:30 ESPAZO LIBRO

"A maternidade na novela actual, distintas perspectivas". Baía Edicións e Consorcio Editorial Galego. Coas escritoras Eli Ríos, Emma Pedreira e Rocío Leira.

12:30 CARPA

"Rostros invisibles". Ángel Paz. O primeiro traballo discográfico en solitario do guitarrista e compositor pontevedrés está baseado no libro *Invisibles* de Montse Fajardo. Un disco de rock feminista cun son americano. Con Ángel Paz, guitarra, Rodrigo Valiente, voz, Adrián Saavedra, baixo e teclados e Ximo Sanchis, batería.

13:00 ESPAZO FORO

Nós Diario. Presentación número 0. Despois de 2 anos de traballo intenso, a empresa Sermos Galiza S.A., editora dun semanario en papel e dun dixital on line homónimo, vai lanzar un diario en papel co nome «Nós Diario», en lingua galega, que sairá cinco días á semana e que terá unha versión en liña que se actualizará os 365 días do ano.

13:00 ESPAZO LIBRO

Presentación do libro *Ardora*, de Beatriz Maceda, gañadora do II Premio de Narración Xuvenil María Victoria Moreno, editado por Urco Editora. Concello de Pontevedra. Coa autora, Carme Fouces, concelleira de Cultura de Pontevedra, Denis Fernández Cabrera, de Urco Editora, Begoña Llácer Moreno e Pedro Ferriol Suárez, filla e viúvo de María Victoria Moreno respectivamente.

13:00 ÁREA GASTRO

Obradoiro de banda deseñada impartido por Oliver Añón- Premio "Castelao" Banda Deseñada 2018. Deputación da Coruña. Entre 5 e 8 anos. Prazas: 10. Inscripción na Feira.

13:30 ESPAZO FORO

María Solinha. Encontro ao redor da nova película do director Ignacio Vilar. Participan tamén as

actrices Grial Montes, Laura Míguez e Mabel Rivera.

13:30 ESPAZO LIBRO

Presentación do libro gañador do Premio «Balbino» de Relatos. Edicións Fervenza. Con Pablo Nogueira, Armando Requeixo e Roberto Nogueira.

13:30 CARPA

“Tabú”, unha obra orixinal de Carmen Conde. Dezdedez en colaboración con Tarabela Creativa. Carmen Conde, coa música en directo de Nastasia Zürcher, narra historias de mulleres galegas reais de bisbarras rurais de entre 70 e 95 anos que falan das suas primeiras experiencias (sexuais, ir ás festas), eses tabús que por fin son desvelados en escena.

13:30 ÁREA GASTRO

DRINK & DRAW. Encontro de experimentación a través do debuxo. 7H Cooperativa Cultural. Exercitar a nosa creatividade a través de distintas dinámicas rápidas e acotadas no tempo, á vez que gozar de música e dunha bebida. Non é necesario saber debuxar pois o que conta é pasalo ben, transformar as ideas en imaxes e compartir as nosas creacións. Coa ilustradora Eva Agra.

13:30 ÁREA GASTRO

Sesión DJ Inclusiva Sons Diversos. Da man de Dj Montxo Nucleus 6 (con implante coclear), picada de músicas diversas e inclusivas no comedor Culturalgal. Coa colaboración de Entresignos e as Mochilas vibratorias dirixidas ás persoas xordas do concello de Nigrán.

16:30 ESPAZO FORO

Presentación Galiciale (galiciale.gal), a plataforma de préstamo de libro dixital e de audiovisuais galegos a través da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia desde 2014. A gran novidade é que dispón de 300 títulos de longametraxes, curtas e documentais feitos en Galicia e para todos os públicos, que se poden ver de balde só con rexistrarse tendo o carné dunha biblioteca pública de Galicia. Xunta de Galicia. Con Anxo M. Lorenzo, director xeral de Políticas Culturais, Xúlia Caride, xerente da Asociación

Galega de Produtoras Independentes-AGAPI, e Fran Alonso, director de Edicións Xerais de Galicia.

16:30 ESPAZO LIBRO

Aira Editorial presenta na Feira dous

proxectos: a edición ilustrada por Miguel Robledo do clásico da literatura universal **Frankenstein**, con tradución de Samuel Solleiro. Ademais, o libro infantil **‘Teño dereitos’**, que recolle os principais dereitos humanos cun enfoque apropiado para os primeiros lectores, ilustrado tamén por Miguel Robledo. Participan o editor César Lorenzo Gil e coa avogada Elvira Souto.

16:30 CARPA

Canta, miña pedra, canta. Homenaxe a Antonio Fraguas de Xoán Curiel. Galaxia. Un espectáculo familiar ao redor dos relatos populares e cancións recollidas por Fraguas. Recomendado de 6 a 12 anos.

16:45 ESPAZO FORO

Colección Makakiños: Contos con pictogramas para romper as barreiras da incomunicación. Kalandraka e Asociación BATA de Tratamento do Autismo. Cos ilustradores Alicia Suárez e Marc Taeger, e Mónica Santos, da Asociación Bata.

16:45 ESPAZO INFANTIL

Ola!, son un bicho bóla! Apiario. Presentación do novo álbum infantil *Ola!, son un bicho bóla!* (colección Niño de Abella), destinado a primeir*s lector*s, escrito por Elvira Ribeiro e ilustrado por Noe Caamaño. Contacontos coa autora e debuxo en directo a cargo da ilustradora.

17:00 ESPAZO LIBRO

Púrpura. Hércules de Ediciones. Presentación da nova colección coa tradución ao galego de libros feministas de autoras actuais de todo o mundo. Coa editora, Laura Rodríguez Herrera; a secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella; e as tradutoras, María Alonso Seisdedos e M.^a Fe González Fernández.

17:00 SALÓN DE ACTOS

‘Gallo’ (2018). Frida Films. Un documental de

Antonio Díaz Huerta sobre o surfista Aitor Francesena. Realizado entre realizado entre Galicia, País Vasco e California, narra a historia deste surfista cego e de como enfrontou os seus propios medos. Duración: 82 min. Asiste: Sara Horta, axudante de produción.

17:00 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Obradoiro de ilustración da actualidade.

Boreal. Para todos os públicos. Convide a comentar algúns acontecementos da actualidade, realización dunha ilustración e pequeno texto, seguindo o tipo de publicacións que fan en Boreal. Con Augusto Metztlí y Marthazul.

17:00 ÁREA GASTRO

Obradoiro de robótica "A filla do Minotauro". Deputación da Coruña. De 5 a 8 anos. Prazas: 10. Inscripción na Feira.

17:00 VARIOS ESPAZOS

"Os Sete parroquias de Divulgación"

percorren o recinto para falar de Ciencia con todas as persoas que sanimen a achegarse onde eles. Non perdas a experiencia itinerante entre as 17h e as 19h: «Charlas de Ciencia baixo un 7 parroquias de Divulgación».

17:15 ESPAZO FORO

Puntazo cultural. Concello de Pontevedra.

17:15 VARIOS ESPAZOS

Os Bolechas no Camiño de Santiago. A familia Bolechas dálle unha volta á Feira para coñecer as novidades con todos vós. Xunta de Galicia.

17:30 ESPAZO FORO

Presentación da campaña Nós contra a violencia. Xunta de Galicia. Unha campaña de actuacións escénicas cunha clara función educativa nas idades máis temperás de cara a previr e detectar a violencia de xénero e fomentar o uso da lingua galega entre os máis novos, sobre todo mediante a transmisión interxeracional do idioma. Presentan: Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística, e Susana López Abella, secretaria xeral de Igualdade.

17:30 ESPAZO LIBRO

Pippi Mediaslongas, de Astrid Lingren: Faladoiro co tradutor David A. Álvarez. Nenas e nenos de todo o mundo pasamos horas inesquecibles de lectura coas aventuras e as extravagancias de Pippi Mediaslongas, do seu mono señor Nilsson e do seu cabalo. Desde 2017, tamén en galego. Kalandraka Editora.

17:30 CARPA

Deteriorados en concerto. CRTVG.

17:30 ESPAZO INFANTIL

A gotiña viaxeira. Edicións Fervenza.

Presentación do conto infantil con música ao vivo e audiovisuais. Con Toño Núñez, Armando Requeixo, Ánxela Gracián e Miguel Anxo Macía.

17:30 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Ceos galegos 2020. Con Dosi Veiga. Ceos Galegos é un proxecto fermoso, unha proposta de comunicación científica do físico Dosi Veiga a través das imaxes do ceo galego. Na web, ao longo do ano publícanse a cotío imaxes comentadas e explicadas e no remate do ano catorce son seleccionadas para tomar forma de calendario en gran formato dispoñible nas mellores librarías galegas.

17:45 ESPAZO FORO

Presentación de *María Vinyals, a muller do porvir*. Alvarellos Editora. Presentación do ensaio do historiador Diego Piay coa peripecia vital da feminista María Vinyals, unha vida de novela da derradeira habitante do Castelo de Soutomaior. Co autor, o editor Henrique Alvarellos e a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva.

18:00 ESPAZO LIBRO

Conversa entre "El Hematocrito", autor de *Rapunzel con piollos*, e Leticia Costas, autora de *Conexión Macarrón*, sobre "O humor na literatura infantil". Xerais.

18:00 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

"Galicia, un relato no mundo". Xunta de Galicia. Galicia, un relato no mundo é una exposición na

Cidade da Cultura, no marco do Xacobeo 2021, que explora a interacción entre o territorio histórico galego e o resto do mundo nun percorrido que nos leva desde a prehistoria ata a actualidade. Con Manuel Gago, comisario, e Xoel Vázquez, cofundador e CEO de Xoia.

18:15 ESPAZO FORO

Presentación da Estratexia da Cultura Galega 21, a folia de ruta da cultura galega para a terceira década do século XXI. Xunta de Galicia. Co obxectivo de afrontar os retos da cultura galega no horizonte de 2021, a Consellería de Cultura e Turismo impulsou a redacción da Estratexia da Cultura Galega (ECG), un documento público coas principais liñas de actuación e as prioridades da política cultural de Galicia durante os próximos anos.

18:15 ESPAZO INFANTIL

Viaxes gatunas. Xerais. Contacontos-obradoiro a cargo de Eva Mejuto e Víctor Rivas, autores do álbum *Dez gatiñas viaxeiras*. De 4 a 8 anos. Nesta actividade seguiremos moi de preto unha viaxe chea de aventuras, catastróficos incidentes e moito moito humor. As crianzas farán, no remate da sesión, unha artística e felina proposta plástica para levar un bo recordo desta singular viaxe gatuna por Galiza. Aberto, sen inscrición previa.

18:30 ESPAZO FORO

Amigos/as da Casa de Rosalía. A Fundación Rosalía de Castro quere presentar na Culturgal o seu proxecto «Amigos/as da Casa de Rosalía», unha iniciativa de financiamento público na que procura o apoio de persoas, empresas e entidades. Con Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, e O Leo Arremecághona.

18:30 CARPA

Tanxugueiras. Play Plan. O segundo disco de Tanxugueiras preséntase en sociedade! Tanxugueiras incrementa as revolucións do folk galego. Co seu disco de debut, un repertorio escollido para amosar a esencia da tradición, Olaia Maneiro, Sabela Maneiro e Aida Tarrío chegaron a máis de 100 escenarios dentro e fóra das nosas fronteiras. Unha aposta sen corsés enchida de

virtuosismo e contundencia que continúa en "Contrapunto".

18:30 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Presentación do Programa de Igualdade "Mulleres en acción. Violencia Zero". Deputación de Pontevedra. Coa presidenta da Deputación, Carmela Silva, acompañada da deputada de Igualdade, Isaura Abelairas, a deputada de Cultura, Victoria Alonso, e a comisaria do programa, Paula Cabaleiro.

18:30 ÁREA GASTRO

Obradoiro de robótica "A filla do Minotauro". Deputación da Coruña. De 9 a 13 anos. Prazas: 10. Inscrición na Feira.

18:45 ESPAZO LIBRO

Presentación dos premios Torrente Ballester de Narrativa, 900 de Xavier López, Raiña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil, O grupo de An Alfaya, e Miguel González Garcés de poesía, Ningunha tortilla é mala de Eli Ríos. Presenta: Xurxo Couto, deputado de Cultura. Deputación da Coruña.

19:00 ESPAZO FORO

Debate arredor do libro A morte de Galicia. Xerais. Un libro que desmonta a ideoloxía caracterizada por agochar a emigración e culpar os vellos e as mulleres da pronta "morte de Galicia". Participan: Isidro Dubert, Antía Pérez Caramés e Melchor Fernández. Presenta Fran Alonso.

19:00 ESPAZO INFANTIL

Conta comigo. Editorial Bululú. Un taller de matemáticas a través do álbum ilustrado *Conta Comigo*. Todo o mundo ten unha paixón. Para a protagonista desta historia son as matemáticas. Con Miguel Tanco, autor. A partir de 6 anos. Aberto, sen inscrición.

19:00 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Escenas do Cambio 2020. Xunta de Galicia. Escenas do Cambio, o festival de teatro, danza e arte en acción que organiza Cidade da Cultura da man de Pablo Fidalgo, chega á súa sexta edición.

Unha nova cita na que gozar das propostas máis vangardistas da escena galega, nacional e internacional. Unha edición que ademais explora na idea de percorrido, de camiño, de peregrinación, achegando a súa programación ao Xacobeo 2021.

19:00 SALÓN DE ACTOS

'Eroski Paraíso' (2019). Ollovivo Producións e Chévere Producións. Prestrea da longametraxe Eroski-Paraíso dirixida por Jorge Coira e Xesús Ron a partir da obra homónima da compañía Chévere. A historia de Eva, Antonio e a sala Paraíso na ollada da súa filla Alex. Un luxo poder descubrir a película días antes da súa chegada ás salas comerciais. Duración: 76 minutos. Asisten: Xesús Ron e Patricia de Lorenzo e Miguel de Lira, actriz e actor protagonistas.

19:15 ESPAZO LIBRO

Be Water literatura ecofeminista. Conversa arredor da novela ecofeminista *Be Water*, de Antía Yañez, que serve como presentación da nova editora Cuarto de Inverno. Coa autora e Andrea Jamardo Seijo, editora.

19:30 ESPAZO FORO

AMANI de Miguelanxo Prado. Retranca Editora / O Garaxe Hermético. A Feira acolle a presentación do álbum ilustrado do prestixioso autor de banda deseñada coa súa participación acompañado de Kiko da Silva, editor.

19:30 CARPA

Sheila Patricia. O espectáculo « Mar e Terra » na Culturalgal. Con Sheila Patricia, voz, guitarra, loops, e Mauricio Caruso, guitarra.

19:45 ESPAZO LIBRO

Premios Xerais 2019. Conversa de Ana G. Liste con Amador Castro Moure, autor de *Shanghai a Barcelona* (Premio Xerais de Novela 2019); Rosa Aneiros, autora de *Xelís, o guieiro das botellas de mar* (Premio Merlín de Literatura Infantil 2019) e Emma Pedreira, autora de *Os corpos invisibles* (Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2019).

19:45 ESPAZO INFANTIL

A fraga do meu avó. Mamá Cabra. Galaxia.

A fraga do meu avó está chea de árbores, animais e vida, pero agora vese rodeada de eucaliptos e de xente que tenta cortala. Para concienciar da problemática dos bosques autóctonos e dos espazos naturais, nace este traballo, cheo de poesía, música e ilustracións para chegar ao corazón de todos e de todas.

20:00 ESPAZO FORO

Presentación da Fundación Luzes e do seu programa de actividades. Con Manuel Bragado, presidente do padroado.

20:00 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

CASA e CONCEPTO. Unha conferencia performance que amosa unha maneira de insertar a arte na economía real, nos fogares da xente de a pé, a través da estrutura comercial do «pack». Con María Meijide e Lúa Gándara, artistas.

20:30 ESPAZO FORO

Entrega do premio Nortear de Relato Breve e lanzamento da convocatoria de 2020. O programa Nortear conta, entre as súas actividades, cun premio literario destinado a mozas e mozos de entre 16 e 36 anos, de Galicia e da rexión norte de Portugal. Con Anxo M. Lorenzo, director xeral de Políticas Culturais, Xosé Lago García, director da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia Norte de Portugal (GNP-AECT), João Ribeiro da Silva, xefe de Divisão da Dirección Regional de Cultura do Norte de Portugal, e Sabela Varela Fernández, gañadora do premio de relato breve 2019. Xunta de Galicia.

20:30 ESPAZO LIBRO

Conversa entre Gonzalo Hermo, Premio Narrativa Breve Repsol 2019 con *Diario dun enterro* e Berta Dávila, Premio García Barros 2019, con *Carrusel*. Galaxia. Presenta Carlos Lema, director de edicións de Galaxia.

20:30 CARPA

Dios Ke Te Crew. Cunde. O grupo de rap máis famoso de Galicia cun showcase do seu último disco: "O ciclo da serpe".

20:30 ESPAZO INFANTIL

Perdido? ContAZ. Un contaconto en dúas linguas: a lingua de signos e a lingua galega, con música e son en directo. Un conto inclusivo que facilita a comprensión e integración de familias e nen*s que precisan doutras alternativas para a comunicación e comprensión das linguas orais. Unha historia dende a normalización, a diversidade e a inclusión social e lingüística, baseada no conto de Oliver Jeffers.

20:30 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Memorias engarzadas. Con Lucía Romani e Mario López. Un percorrido pola memoria e os recordos a través de distintos materiais e obxectos atopados en portos e praias das vilas galegas. Reflexión sobre a linguaxe escultórica que ten lugar na intersección arte e xoiería contemporánea.

21:30 AUDITORIO PAZO DA CULTURA

Marful con Sabela (OT) ao vivo. Espectáculo especial Culturalgal 2019. Marful reúnese seis anos despois dos seus últimos concertos. A banda (Marcos Teira, guitarra, Pedro Pascual, acordeón, Pablo Pascual, clarinete, e Ugia Pedreira, voz) chega á Feira, coa colaboración Sabela Ramil, a cantante finalista da edición 2018 de Operación Triunfo, nu directo que xa ule a auténtico pracer. Marful tamén conta cos músicos colaboradores do seu último disco "Manual de Seducción": José Manuel Díaz, contrabaixo, e Leandro Deltell, batería. Entradas desde 8 euros en ataquilla.com.

Domingo 1 decembro**11:00 ESPAZO FORO**

GÁLIX e a difusión da Literatura Infantil e Xuvenil Galega. Presentación das últimas publicacións.

11:00 ESPAZO INFANTIL

En efecto bolboreta. EDICIÓNS FERVENZA. Presentación da novela de Ana Pillado Vega con cancións en directo con María Giménez. A revolución insecta xa está aquí!

11:15 ESPAZO LIBRO

Antonio Fraguas e a memoria musical de Cotobade

de Xavier Groba. aCentral Folque. Coa intervención musical do grupo Tralo-Valo, formado polo zanfonista Ariel Ninas e a cantora Carme da Pontragha.

11:30 ESPAZO FORO

Presentación das liñas da programación cultural da Deputación de Pontevedra de cara ao 2020. 17 obxectivos, 61 horizontes. Intervenien: a presidenta da Deputación, Carmela Silva, acompañada da deputada de Cultura, Victoria Alonso.

11:30 CARPA

Quero Cantar. Deputación da Coruña. Concerto coas dúas bandas gañadoras do IV Certame Quero Cantar (infantil e xuvenil). Unha festa para presentar as cancións coas que gañaron o certame.

11:30 ESPAZO INFANTIL

Ti non es de aquí? OZOCogz Deseño Galego. Presentación da versión infantil do xogo de mesa socio-cultural "Ti non es de aquí?".

11:30 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Retrato cubista. 7H Cooperativa Cultural. Obradoiro infantil para crear un retrato cubista, no que precisaremos un par de cadrados, un círculo, un rombo e todas as figuras xeométricas que poidas coñecer. Con Rebeca Mariño. De 4 a 9 anos. Inscrición na Feira. Prazas: 15.

11:45 ESPAZO LIBRO

Presentación de *Os contos dislocados* e *Os textos amados*. Edicións de la Vega.

12:00 AUDITORIO PAZO DA CULTURA

Espectáculo familiar "Lambetadas". Talía Teatro. Un espectáculo para público familiar e infantil, recomendado para nenas e nenos de 6 a 11 anos de idade, que ten como obxectivo fundamental a concienciación e posta en valor da lingua propia como elemento fundamental da identidade individual e colectiva na sociedade galega actual. O traballo de creación baséase nos textos encargados ex profeso a varios autores (Santiago

Cortegoso, Sechu Sende e María Canosa), que son levados a escena baseándose no universo do clown e nas técnicas do teatro de obxectos. AUDITORIO DO PAZO DA CULTURA. Entradas para este espectáculo en ataquilla.com na Feira e na billeteira do Auditorio o mesmo día do espectáculo.

12:00 ESPAZO FORO

Presentación das próximas edicións dos festivais musicais Cantos na Maré e aRif[t]mar Galiza e Portugal. Rede da GalLusofonía. Con Uxía, Tanxugueiras e Susana Arins.

12:00 ESPAZO INFANTIL

Clase aberta de movemento, ritmo e creación. Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña. Dirixido a rapazada de 6 e 8 anos. Prazas: 15. Inscripción na Feira. Ademais, actuación "A caída de Ícaro".

12:15 ESPAZO LIBRO

Dicionario da Comida Galega. Aira Editorial. Presentación desta obra enciclopédica do saber culinario de Galicia, de Xavier Rodríguez Baixeras. Co autor e os editores Xan Carballa e César Lorenzo.

12:30 ESPAZO FORO

Kalandraka: Biblioteca de Pedagogía. A 'Biblioteca de Pedagogía' de Kalandraka é unha iniciativa pioneira encamiñada a prover os lectores e lectoras galegos unha parte significativa e seleccionada dos textos de materia educativa e pedagóxica máis relevantes a nivel internacional. Con Antón Costa, director.

12:30 ESPAZO LIBRO

Editorial Bululú presenta: *Indómita e a semente da inmortalidade*, de Alex Mene, gañador do certame Muíño do Vento, e *Supremas. Chicas mitolóxicas*, de Xan Eguía. Cos autores e Ana Boquete, da editorial.

12:30 CARPA

Lulavai. Músicos ao vivo. Catro artistas forman este insólito cuarteto de arpas celtas e voces. Sobre os escenarios dan vida a ensoñadoras

melodías, baseadas na música tradicional galega, mixturadas con pinceladas de clásica, músicas do mundo, e todo iso aderezado por orixinais arranxos e composicións. Con Paula Oanes Pazos, Josefa Fernández Osorio, Elena Paz Alonso e Lorena Reinaldo Lusquiños.

12:30 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Nadal no Gaiás: obradoiro de decoración navideña. Xunta de Galicia. De 6 a 12 anos. Prazas: 20 por sesión. Inscripción na Feira. Un ano máis a Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela, convértese nun espazo no que vivir o Nadal. Queremos anticipar en Culturgal de toda esta maxia con este obradoiro.

13:00 ESPAZO FORO

Presentación do libro de poemas *Caderno do mar* a cargo de Xaime Toxo e Antón Sobral. Ateneo de Pontevedra.

13:00 ESPAZO LIBRO

Presentación de *DramaturXa*. Xunta de Galicia. O número 5 da colección «O papel do teatro», que dá cabida ás obras producidas polo Centro Dramático Galego, e coeditada pola Xunta de Galicia e Edicións Positivas. Presentan: Jacobo Sutil Nesta, director da Agadic, Francisco Macías, director de Edicións Positivas, e Manuel Lourenzo, autor e director teatral, coa participación de autores da publicación.

13:00 ÁREA GASTRO

Obradoiro de banda deseñada con Oliver Añón, Premio Castelao de Banda Deseñada 2018. Deputación da Coruña. De 5 a 8 anos. Prazas: 10. Inscripción na Feira.

13:15 ESPAZO INFANTIL

A que cheiran as cores de Casto Rivadulla. GALAXIA. A agardada guía para coñecer o cerebro! Presentación con Luísa Martínez, directora da colección "A lanterna de Aristóteles", e Xulio Amigo, director comercial de Galaxia.

13:30 ESPAZO FORO

Presentación 1ª edición do proxecto CAMIÑO ESCENA NORTE. Escena Galega. CAMIÑO ESCENA

NORTE é un proxecto de intercambio cultural por medio das artes escénicas entre os territorios do Camiño de Santiago do Norte (Galicia, Principado de Asturias, Cantabria e Euskadi), que promove Escena Galega coas nosas entidades parceiras EscenAsturias, ACEPAE e Eskena. Con Diego V. Meizoso, coordinador do proxecto, e representantes de diferentes entidades colaboradoras.

13:30 ESPAZO LIBRO

Presentación do cartaz do XXI Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

13:30 CARPA

OÏMA en concerto. Vén bailar á Culturgal! Presentación do primeiro disco de Oïma, «Ala! Unha proposta musical concibida para converter os campos da festa en torreiros de baile. O grupo está integrado por Antía Ameixeiras (violino), Olalla Liñares (clarinete) e Martiño Senande (acordeón diatónico). Música tradicional e de composición propia, ligando os ritmos galegos (muiñeira, xota, pasodobre, valse) cos doutras latitudes (chapeloise, scottish, bourrée, rachenitsa). Un convite participar da súa música a través das diferentes danzas do mundo.

13:30 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Pintame unha poesía. Con Xosé Tomás e os músicos María Faltri e Jorge Juncal, para levar ao vivo o proxecto creativo que tivo lugar para ilustrar o libro-disco *Fantasia* coas Palabras, de Galaxia.

16:00 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

"Conversatorio". Performance con Quico Cadaval. CGAC.

16:30 ESPAZO FORO

Presentación do libro «Sindo de Olelas: concertina galega». aCentral Folque. Un libro-cd da autoría de Xurxo Souto e Pedro Pascual. O libro, acompañado de gravacións orixinais, conta a historia da aldea musical de Olelas, no concello de Entrimo, centro neuráxico do repertorio de concertina galega. Con Xurxo Souto e Eutropio Rodríguez.

16:30 ESPAZO LIBRO

Ninguén Dorme de Rexina Vega. Edicións

Laiovento e Consorcio Editorial Galego. Coa autora e Afonso Ribas, editor.

16:30 CARPA

O Colo das Palavras. Asociación Semente Trasancos. Música e poesía para presentar un libro-cd con 16 poemas, da autoría de Antón Cortizas e Antia, Rosalia e Catarina Cortizas Leira, musicados por Oscar Fojo Lamas, João Afonso, Sílvia Fojo, Cé Orquestra Pantasma, Xurxo Souto, Manolo Bacalhau, Guadi Galego, Tanxugueiras, Sofía Espiñeira, Caxade, Uxía Senlle, Sara Vidal, Fatado do Colo (Leandro Lamas, Sílvia Fojo, Paula Fojo, Lorena Montero) e Xoán Padín. Algúns deles estarán na Feira! Un traballo ilustrado por Leandro Lamas.

16:30 ESPAZO INFANTIL

Maxia de catro a catro. Xunta de Galicia. Programa "Ler conta moito". Un espectáculo do Mago Pedro Bugarín que se caracteriza por ser emocionante, versátil e sempre en clave de humor. Reúne maxia tradicional con xogos 3.0, ilusionando co máis mítico da literatura clásica e o máis moderno das tecnoloxías. Non deixará indiferente a ninguén, teña 4 ou 104 anos!

17:00 ESPAZO FORO

Presentación Concienciadas e outros proxectos da Fundación Praza Pública. A nova sección de divulgación científica do xornal Praza.gal, e outros novos proxectos asociados ao xornal e á fundación. Con David Lombao, director de Praza.gal, e Javier Balea e Iria Veiga, autores de Concienciadas.

17:00 ESPAZO LIBRO

Conversa de Susana Pedreira con Arantza Portabales ao redor de **Beleza vermella.** Galaxia.

17:00 SALÓN DE ACTOS

'Atopando o camiño' (2019). Curtametraxe dirixida a público infantil. Curtametraxe infantil de ficción enmarcada na contorna do Camiño de Santiago e protagonizada polo alumnado do CEIP Parada-Campañó que emprende unha viaxe inesquecible. En colaboración coa Universidade de Vigo, Volvemos a Primera Producciones Audiovisuales e o gaiteiro Óscar Ibañez, entre

outros. Duración: 30 minutos. Asisten: María Fanjul e Andrés Castro, codirectores, e Óscar Ibáñez.

17:00 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Bestiario para os novos tempos. 7H Cooperativa Cultural. Crear animais fantásticos que se mesturan co noso mundo falseando a realidade; utilizar a técnica do collage coñeceremos a artistas contemporáneas como Lara Lars, Lynn Skordall ou Ana Himes que mesturan o manual con retoques dixitais en busca da imaxe perfecta.

17:00 ÁREA GASTRO

Obradoiro de robótica "A filla do Minotauro". Deputación da Coruña. De 5 a 8 anos. Prazas: 10. Inscripción na Feira.

17:15 ESPAZO FORO

Tradución de series de tv: experiencias nun mercado en auxe. Asociación Galega de Profesionais da Tradución e Interpretación (AGPTI). Conversa con Rosa Camiña, Lucía Vázquez e Manuel Arca, cun percorrido pola tradución de series ao galego e outras curiosidades da profesión.

17:15 ESPAZO INFANTIL

As alocadas historias dos Monkis. Triqueta Verde. Contacontos con Paula Merlán e Blanca Millán.

17:30 ESPAZO LIBRO

Presentación novos cadernos colección bilingüe 10x15: O prezo do inverno de Elías Portela en islandés-galego e **Cetro de espiñas vivas** farsi-galego de María Victoria Caro con tradución de Xaime Foxo. Tulipa Editorial. Presenta Paula Cabaleiro con autores e tradutores da colección.

17:30 CARPA

"O Veleiro Verde" de María Fumaça. Galaxia. Novo disco da familia María Fumaça e veñen de presentación á Feira!

17:45 ESPAZO FORO

Entrega Premio do Público Culturgal 2019 ao Festival dos Eidos (Fundación Uxío Novoneyra).

18:00 ESPAZO LIBRO

«Agosto» de Miriam Ferradáns. Apiario. Presentación e estrea na Feira desta novidade editorial do Nadal 2019. Susana Sánchez Aríns conversa con Miriam Ferradáns ao redor do seu último traballo poético, na colección Cera Labrada de Apiario.

18:00 ESPAZO INFANTIL

Obradoiro de ilustración fantástica con Anxo Fariña, autor de *Os ecos do lume*. Xerais. De 8 a 12 anos. Aberto, sen inscrición previa.

18:00 SALÓN DE ACTOS

'O que arde' (2019). Na Culturgal temos a sorte de pechar a edición co pase da película do ano en colaboración coa Xunta de Galicia e coa presenza, ademais, do seu director. A película 'O que arde', Premio do Xurado da sección Un certain regard do pasado Festival de Cannes, está ambientada nunha aldea da montaña de Lugo e os seus dous papeis protagonistas son interpretados por Amador Arias e Benedicta Sánchez. Produción: Miramemira, 4A4 Productions, Kowalski Films, Tarantula. Duración: 85 minutos. Presentan: Oliver Laxe, director, e Valentín García, responsable de Política Lingüística.

18:00 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

Encarnados. Dispara / Tono Arias. Presentación do proxecto de fotolibros e postais ao redor do Entroido.

18:15 ESPAZO FORO

Presentación do libro «Náufraga no mar e na terra», de Elisabeth Oliveira e lanzamento de Linguaxes dixitais, de Clara Vidal, con lectura de textos poéticos e mostra de videopoemas. Coas autoras e Wladimir Vaz, editor. Editorial Urutau.

18:30 ESPAZO LIBRO

«Árbores que non arden. As mulleres na prevención de incendios forestais». Unha conversa coas autoras. Catro Ventos Editora. Con Miguel Pardellas Santiago, Paula Lubián Fernández e Celsa González Ogando, de Proxecto Batefogo e Patricia Buxán Outeiro, da editora.

18:30 CARPA**Silvia Penide: «El Efecto boomerang».**

10d10. O sétimo disco de estudio da artista continúa o seu tour 2019. Con Silvia Penide (voz e guitarra) Bruno Couceiro (batería) Paul Álvarez (guitarra) e Carla López (piano/teclado).

18:30 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA**“Cuerpo, territorio y enfermedad”.**

Presentación dos proxectos de investigación e Creación de Basilisa Fiestras e Alexandra R.Rey xunto coa presentación do proxecto expositivo «Orografías», para o próximo abril na sala de Arte Apóstrophe.

18:30 ÁREA GASTRO**Obradoiro de robótica “A filla do****Minotauro”.** Deputación da Coruña. De 9 a 13 anos. Prazas: 10. Inscripción na Feira.**18:45 ESPAZO INFANTIL**

As tres mouras de Fonte Lantana. Edicións Fervenza. Presentación do libro infantil e contacontos con Xoán Carlos García Porral, Celso Sanmartín e Gabriel Iglesias.

19:00 ESPAZO FORO

A pedalar na GaliLusofonía. Rede da GaliLusofonía. Conversa entre Alex Marque e Gustavo César Veloso, gañadores de pasadas edicións da Volta a Portugal, sobre a súa experiencia lingüístico-cultural no país viciño.

19:00 ESPAZO LIBRO

Conversa de Susana Pedreira con Pedro Feijoo, autor de *Un lume azul*. Xerais.

19:30 ESPAZO FORO

Conversa con Anselmo López Carreira, autor de *Arte e escritura na Galicia medieval (séculos VI-X)*. Xerais. Presenta: Fran Alonso.

19:30 ESPAZO LIBRO

Conversa entre Adolfo Caamaño, Premio Vilar Ponte de Novela 2018 con *Matar o heroe* e Abel Tomé, Premio Illa

Nova de Narrativa co libro *A noite do lobo*. Galaxia.

19:30 CARPA

A banda da Loba presenta “Fábrica de luz”. Seispés Producións Creativas. Despois do éxito obtido co seu primeiro traballo, «Bailando as rúas», Xiana Lastra (voz), Marcela Porto (percusión), Inés Mirás (guitarras), Andrea Porto (baixo) e Estela Rodríguez (violín), continúan a xirar o caleidoscopio na busca de sons e ritmos que non exploraran ata o momento.

19:30 ESPAZO INFANTIL

Os nosos bosques. Miudiño S.Coop.Galega. Estrea da nova proposta da cooperativa, a Educación Ambiental, con Diego García coma contacontos. Espectáculo baseado no libro *Os Nosos Bosques*, no que acompañado por diversos seres, vaise narrando a complexidade do proceso creativo do libro ao tempo que se vai adentrando aos asistentes no marabilloso mundo dos bosques galegos, dando a coñecer a diversidade de animais e vexetais dos diferentes ecosistemas.

19:30 ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

ORDET. Unha banda de Sound Art movéndose entre a poesía, os visuais e a ilustración.

Ademais, no**ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA****DURANTE TODA A FEIRA:**

Exposición XIV Premio “Luís Ksado” de creación fotográfica. Cos traballos dos gañadores da última edición: do lugués Alejandro Real e do salmantino Javier Arcenillas. Deputación da Coruña.

O Camiño de Santiago debuxado. Xunta de Galicia. Exposición promovida polo Xacobeo 2021 instalada durante todo o horario de apertura da feira. Froito da peregrinación do ilustrador gaditano Joaquín González Dorado, e inspirándose no libro V do *Códice Calixtino*, *O Camiño de Santiago debuxado* recolle as súas vivencias como peregrino do século XXI.